

PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A RÚA

1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO
 - 1.1. O CENTRO EDUCATIVO
 - 1.2. O CONTORNO SOCIOECONÓMICO
 - 1.3. O CONTORNO SOCIOCULTURAL
2. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO
3. NOTAS DE IDENTIDADE (IDEARIO)
 - 3.1. FOMENTO DA CONVIVENCIA
 - 3.2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 3.3. COEDUCACIÓN
 - 3.4. RELACIÓN CO CONTORNO
 - 3.5. EDUCACIÓN AMBIENTAL
 - 3.7. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 - 3.8. FOMENTO DA LECTURA (BIBLIOTECA)
 - 3.9. INTRODUCCIÓN DAS TIC
 - 3.10. TEMA NÚCLEO
4. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS
 - 4.1. A APRENDIZAXE DAS TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS
 - 4.2. LIÑA METODOLÓXICA
5. RELACIÓNS ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA
 - 5.1. AS RELACIÓNS HUMANAS
 - 5.2. AS RELACIÓNS DOS ALUMNOS/AS ENTRE SI
 - 5.3. AS RELACIÓNS PROFESOR/A-ALUMNO/A
 - 5.4. AS RELACIÓNS COAS FAMILIAS
 - 5.5. AS RELACIÓNS COA SOCIEDADE
 - 5.6. AS RELACIÓNS DOS PROFESORES/AS ENTRE SI
 - 5.7. O PAPEL DO PROFESORADO TITOR

1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

1.1. O CENTRO EDUCATIVO

O C.E.I.P. A Rúa é un centro construído no ano 1990 e situado na localidade de Coiro, de onde procede o seu alumnado. Está a 3 Km do centro urbano de Cangas, na península do Morrazo, e próximo a unha rotonda que dá acceso á vía rápida. É un centro de titularidade pública, adscrito ao IES de Rodeira, e desenvolve o seu labor en xornada continuada de 9:30 a 14:30 horas. Polas tardes, e de xeito voluntario, os alumnos/as poden participar nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA do centro e supervisadas polos profesores/as do mesmo. O centro conta con 9 unidades e impártense as etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria. No curso académico 2011-2012 conta cun total de 185 alumnos matriculados e 16 profesores no claustro docente.

Unha recente reforma de ampliación das instalacións do centro dotárono de novos espazos para a biblioteca, a aula de música, aulas de desdobres e comedor, que comezará a funcionar no curso 2012-2013. Unha das principais carencias do centro é que non dispón de zona exterior cuberta.

C.E.I.P. "A RÚA"

- **ENDEREZO:** A Rúa – Coiro. 36947 Cangas do Morrazo, Pontevedra
- **Teléfono/Fax:** +34 986 303 918
- **E-Mail:** ceip.arua@edu.xunta.es
- **Pax. WEB:** <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiparua/>
- **Blog do centro:** <http://ceiparua.blogspot.com>
- **Horario escolar:** 9,30-14,30 h.
- **Número de alumnos/as:** 186
- **Número de profesoras/es:** 16
- **Niveis educativos:**
 - Educación Infantil (3 unidades)
 - E. Primaria (6 unidades).
- **Aulas de Apoio de PT e AL**
- **Superficie:** 5.000 m²
- **Instalacións:**

- a) Interiores: Ascensor, Ximnasio, Aula de Usos Múltiples, Aula de Informática, Biblioteca, Aula de Desdobres, Aula de PT, Aula de AL.
- b) Exteriores: Pista polideportiva, Pista de baloncesto, Parque infantil homologado e areeiro.
- **Servizos complementarios:**

Transporte gratuíto a tódolos puntos da zona, con dúas rutas de transporte escolar.

- Actividades en horario extraescolar:

Ofertadas pola ANPA e varían cada curso.

1.2. O CONTORNO SOCIOECONÓMICO

En relación ó contorno socioeconómico destacamos o feito de que Cangas é un concello de marcado carácter mariñeiro, situado na comarca do Morrazo. Cangas está formado polas parroquias de: Coiro, Hío, Darbo, Aldán e Cangas. En canto á poboación contaba no ano 2009 (Fonte:IGE)¹ con 25.748 habitantes, dos cales, uns 6.000 distribúense no núcleo urbano e os restantes na zona rural circundante. A densidade de poboación do concello é de 570 hab./Km². No desenvolvemento desta localidade influíron diferentes factores, pero entre todos destaca a proximidade a un gran núcleo de poboación e de grande importancia industrial e comercial como é a cidade de Vigo, e grazas á mellora dos accesos viarios logrouse un rápido crecemento urbanístico nos últimos anos.

A economía da zona está centrada no sector servizos (61,5 %), seguido do sector industrial (16,7 %, textil, conserveiras, metalurxia). Aínda se mantén un forte peso do sector da agricultura e o sector pesqueiro (11,8 %, aínda que perdendo peso de xeito paulatino) e tamén ten relevancia o sector da construción (10%). A renda per cápita do concello está na media galega. A taxa de paro sitúase no 25% con datos de 2011. O incremento da incorporación da muller ao mundo laboral vai en detrimento da atención aos fillos/as (nenos/as a cargo dos avós, outros familiares, cuidadores...)

O saldo migratorio ten un balance a favor de 102 habitantes no ano 2009, destacando nos últimos anos a afluencia de persoas de orixe marroquí. O

¹http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002003001&c=-1&ruta=fichas/bdmunicipal_tablas.jsp%3FESP%3D36008

numero de inmigrantes e cada vez maior, sobre todo a poboación procedente de países desmellorados. En Cangas hai censados arredor de 360 inmigrantes, preto do 1,5% da poboación. (Datos recollidos da páxina web do IGE – Instituto Galego de Estatística). Aquí queremos sinalar que no noso centro educativo, a presenza de alumnado de procedencia estranxeira, principalmente marroquí, pero tamén de países do leste europeo, ronda o 10%.

1.3. O CONTORNO SOCIOCULTURAL

Unha variable de especial incidencia na caracterización do alumnado deste centro é o nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos, que se sitúa nun 36% da poboación que non acadou un título de educación básica (bacharelato elemental, ESO ou EXB), un 31% da poboación con título de estudos primarios, o 21% con estudos secundarios (bacharelato ou FP de grao superior), o 5% con estudos de diplomatura e o 4% con estudos de licenciatura ou superiores. O índice de analfabetismo sitúase no 2%. (Datos: IGE).

Estes datos ofrécennos unha estrutura social do noso alumnado na que de xeito simplificado podemos distinguir tres partes: un terzo de alumnado con pais/nais sen estudos primarios concluídos, outro terzo con estudos primarios rematados, e o último terzo con estudos secundarios ou superiores.

Os cambios sociais na estrutura familiar supón a aparición de novas formas como as familias monoparentais, familias de pais separados que forman novas familias, presenza de familias de procedencia estranxeira, etc.

En xeral, debido ás novas condicións laborais, sociais e culturais, obsérvase no alumnado unha crecente falta de interese polo traballo escolar e unha perda da cultura do esforzo. Probablemente vai acompañado dunha falta de atención afectiva no seo das familias, pois non poden compartir tanto tempo como antes na educación dos fillos. O abuso das novas tecnoloxías (consolas,...) vai en detrimento do desenvolvemento das relacións sociais, os xogos cooperativos e contribúe a un crecente proceso de busca do protagonismo individual ou da competitividade.

2. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

Tomando como referencia os principios e valores da Constitución e da actual Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, pretendemos formar persoas e cidadáns/ás para a sociedade do século XXI, polo que se propón o desenvolvemento integral do alumnado a nivel intelectual, motor, de equilibrio persoal e afectivo, de relación interpersonal e de actuación e inserción social. Por tanto, guiarannos as seguintes finalidades:

- Buscar un pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a mediante a adquisición de hábitos intelectuais, técnicas de traballo e coñecementos básicos.
- A formación no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e ó exercicio da tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Preparación dos alumnos cara á participación activa na vida social e cultural, grazas a unha educación integral e pluralista.
- Educar na liberdade, igualdade, convivencia, respecto e sociabilidade.
- Formación para a paz, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- Implicar á escola nos problemas de medio ambiente, saúde, calidade de vida,...
- Creación dun clima afectivo e humano entre os membros da comunidade escolar.

Ao tempo que perseguimos esas finalidades promoveremos o desenvolvemento do noso alumnado nas oito competencias básicas establecidas:

1. **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística incluírá as linguas vehiculares do ensino, a lingua galega e a lingua castelá, así como unha lingua estranxeira (lingua inglesa). Atenderá ás dimensións básicas de falar e escoitar (expresión e comprensión oral), ler (comprensión oral e escrita) e expresarse por escrito (expresión escrita). Temos por obxectivo formar persoas que saiban expresarse para comunicarse eficazmente, e lectores competentes que empreguen os coñecementos previos, dirixan de xeito autónomo a súa lectura e empreguen as estratexias máis axeitadas para acadar a súa comprensión.

2. **Competencia matemática (CM)**

A competencia matemática abrangue as dimensións de: 1) comprender, interpretar e organizar a información, 2) dominar a expresión matemática oral e

escrita, e 3) formular e resolver problemas. As matemáticas vincularanse a situacións problemáticas da vida real, reflexionando sobre os conceptos clave, facendo uso de razoamentos, propoñendo diferentes estratexias, argumentando, utilizando gráficas, manipulando, estimando resultados, etc.

3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico (CCIMF)

As dimensións a traballar son: 1) Coñecer, comprender e aplicar nocións e experiencias científicas e tecnolóxicas básicas, 2) Comprender como interactúan os seres vivos e o medio; 3) Valorar a importancia do exercicio físico, a nutrición e a saúde, 4) Coñecer e aplicar procesos científicos e tecnolóxicos, e 5) Formular e resolver problemas. Temos por obxectivo que o alumno/a se sensibilice co coidado do medio ambiente, faga un uso responsable dos recursos, aprenda a coidar a súa saúde, etc.

4. Competencia dixital e tratamento da información (CDTI)

As dimensións básicas son: 1) Adquirir a competencia dixital (uso dos equipos informáticos), e 2) Buscar, seleccionar, procesar e comunicar información. Pretendemos que o alumno/a faga un uso normalizado dos recursos tecnolóxicos para resolver problemas reais, e aprenda a respectar a regulación social acordada sobre o uso da información e das súas fontes. Impulsaremos a progresiva integración das TIC na aula.

5. Competencia social e cidadá (CSC)

Dimensións básicas: 1) Dispor de habilidades sociais para convivir en sociedade, 2) Participar na vida cívica e social, 3) Comprender a evolución da realidade histórica e social. Ten por finalidade preparar ao alumno/a para o exercicio da cidadanía e a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

6. Competencia cultural e artística (CCA)

Dimensións básicas: 1) Saber apreciar e desenvolver a creatividade, 2) Coñecer e utilizar distintas linguaxes artísticas e técnicas, 3) Participar en manifestacións artísticas e culturais. A adquisición desta competencia supón que o alumno/a coñeza, aprecie e valore a arte no seu conxunto e as manifestacións culturais ao tempo que aprende a utilizar os recursos propios da expresión artística.

7. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Dimensións básicas: 1) Aprender a coñecerse a si mesmo/a, 2) Valorar o esforzo e a motivación, 3) Adquirir os hábitos de traballo intelectual. Esta competencia debe proporcionar aos alumnos/as as habilidades para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, terse en boa autoestima e ir acadando progresiva autonomía no traballo intelectual.

8. Competencia na autonomía e iniciativa persoais (AIP)

Dimensións básicas: 1) Saber tomar decisións, 2) Ter iniciativa e actitude emprendedora, 3) Saber realizar proxectos, e 4) Iniciarse no coñecemento do mundo laboral. Queremos formar persoas que acaden unha progresiva autonomía na súa vida persoal e social, que confíen na súa creatividade, iniciativa e espírito emprendedor.

E farémolo en base a un marco coherente de valores previamente seleccionados, que constituirán as nosas notas de identidade, pois ben sabemos que as competencias son ferramentas que unha persoa pode utilizar para construír un mundo máis humano pero tamén o seu contrario. (ex: o uso do coñecemento científico en base a valores subxacentes).

3. NOTAS DE IDENTIDADE (IDEARIO)

O C.E.I.P. A Rúa é un centro de ensino público. Para acadar os obxectivos sinalados no punto precedente asumimos como principios fundamentais os seguintes:

3.1. FOMENTO DA CONVIVENCIA

En liña co Plan de Convivencia do noso centro, comprometémonos a educar en e para a TOLERANCIA, na SOLIDARIEDADE e a CONVIVENCIA SOCIAL, a PAZ e a IGUALDADE, fomentando no alumnado, co noso exemplo, ACTITUDES DE DIÁLOGO, de RESPECTO MUTUO e de RESPECTO A TODOS OS POBOS E CULTURAS.

Desde esta perspectiva, serán notas fundamentais as seguintes:

- **Educación para a paz e a non violencia.** Dous valores que se fomentarán constantemente e que se manifestarán de xeito permanente cos alumnos/as. O diálogo será o soporte de toda convivencia.

- **Pluralismo:** Como profesorado deste centro comprometémonos a educar aos nosos alumnos/as no exercicio responsable da súa liberdade, para que elixan as súas opcións, actúen con criterio propio e acepten e valoren as súas consecuencias. Consideramos que a madurez chega desde a propia autonomía, mediante o compromiso e o esforzo persoais, e mediante a crítica e valoración do mundo que o rodea.
- **Aconfesionalidade:** Como centro público e dentro da normativa legal que prescribe a igualdade de dereitos de todos os cidadáns ante a Administración do Estado, o noso centro declárase aconfesional, así coma respectuoso coas diversas crenzas e maneiras de pensar. Neste marco de respecto mutuo non poderán ter cabida actitudes de adoutramento, proselitismo e/ou sectarismo.

3.2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Temos por principio integrar a todo tipo de alumnado, con igualdade de dereitos e deberes, respectando as diferenzas e proporcionando unha atención individualizada. Favorecer a integración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo implica unha tarefa de socialización que require a participación de toda a comunidade educativa. Prestarase especial atención á integración dos alumnos/as doutras nacionalidades. No Plan de Atención á Diversidade elaborado no centro recóllense todas as medidas de atención á diversidade que se poden adoptar.

3.3. COEDUCACIÓN

Apostamos por unha educación baseada na igualdade de xénero en todos os aspectos da vida. Teremos en conta que na nosa liña metodolóxica non existan condutas que apoien os roles sexistas atribuídos a ambos sexos.

3.4. RELACIÓN CO CONTORNO

O centro educativo será unha institución que contribúa, mediante a formación dos seus alumnos/as, ó progreso e mellora da comunidade á que pertencen, facendo que se interesen por coñecer e apreciar a súa cultura, tradición e valores, e implicándose, se é posible, no contexto social e cultural no que viven.

Ademais, o centro e os diversos equipos que o compoñen profundizarán na colaboración con outras entidades sociais e culturais do contorno e da Comunidade Autónoma para conquistar unha mellor e máis profunda formación dos alumnos/as e do propio profesorado.

Tamén existirá un traballo de coordinación entre o centro e o IES de Rodeira a través dos departamentos de orientación, vinculado ao programa de transición da etapa de primaria á ESO, e a consensuar entre ambos centros un programa de prioridades tanto a nivel curricular nas materias instrumentais como de hábitos e actitudes.

3.5. EDUCACIÓN AMBIENTAL

Dende a creación do centro no ano 1990 a educación ambiental é unha das nosas señas de identidade, de xeito que participamos en numerosas iniciativas neste eido: a recollida selectiva de residuos no centro, a construción dunha estación meteorolóxica e a recollida de datos,...

Fomentárase no noso centro a protección do medio así como o seu coñecemento, desenvolvendo unha conciencia crítica no alumnado, e mesmo nas familias, e favorecendo uns hábitos que permitan a convivencia equilibrada co contorno natural, evitando o seu deterioro e contribuíndo á súa mellora.

Trátase de levar á práctica unha actuación sobre hábitos cotiás que poidan supoñer impacto ambiental, implicando a toda a comunidade escolar. Neste senso, temos elaborado no Centro plans de aforro de enerxía; de reutilización, reciclaxe e aforro de papel; de recollida selectiva e xestión ecolóxica dos residuos xerados na escola; de xogo colectivo, cooperativo e ambiental; de defensa e mellora do entorno; de minimización de impactos ambientais nas actividades escolares, curriculares ou extracurriculares.

3.6. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Dado que a saúde é un estado de benestar físico, mental e social, a comunidade educativa tratará de desenvolver no alumnado hábitos de actividade física, hixiene corporal, de correcta alimentación e de prevención de accidentes. Tamén se potenciará no alumnado o correcto coñecemento do propio corpo para previr enfermidades.

3.7. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O marco legal que rexe as decisións neste punto é a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG 14-7-83) e todas aquelas Ordes que a desenvolvan. Segundo a Lei de Normalización Lingüística, o galego, lingua propia de Galicia, é a lingua oficial da Administración Educativa. O noso centro asume o uso do galego en todos os aspectos administrativos e, ademais, fomentará o seu uso por parte de toda a comunidade educativa. En canto á lingua de aprendizaxe débese emprega-lo galego dun xeito habitual na comunicación cos alumnos/as, e sempre axustada a súa utilización á normativa vixente. O centro tamén velará por que se impartan en galego as materias que a lei de normalización lingüística establece, que son:

- En Primaria: Coñecemento do medio natural e social, e Lingua Galega.

No centro está elaborado o Plan de Normalización Lingüística, e o Equipo de Dinamización Lingüística elabora anualmente un proxecto de actividades para dinamizar o uso da lingua galega.

3.8. BIBLIOTECA ESCOLAR E FOMENTO DA LECTURA

A NOSA BIBLIOTECA é un centro de recursos da información que pon á disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico.

Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, discos CD, vídeos, discos DVD, mapas, materiais de produción propia, selección de recursos electrónicos dispoñibles na Rede,...). A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os recursos existentes para un uso eficaz destes.

Presta diversos servizos (lectura en sala, préstamo, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso a internet,...).

A súa gran misión é contribuír á adquisición das competencias básicas recollidas no currículo e apoiar os proxectos e programas que leva a cabo o centro educativo, favorecendo, así mesmo, a adquisición e o desenvolvemento de hábitos de lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. Constitúe un instrumento imprescindible para a integración da cultura impresa e a cultura dixital nas intervencións do profesorado e nas prácticas de aprendizaxe do alumnado.

No noso centro contamos cun plan de fomento da lectura que ten instaurada unha sesión de lectura diaria en todos os niveis educativos. Esta sesión ten por obxectivo desenvolver o gusto pola lectura e instaurar o hábito lector, mediante actividades moi variadas tal como a lectura individualizada e silenciosa dos alumnos/as, a lectura en voz alta, a lectura do profesor/a que exerce de modelo, a participación de pais e nais invitados, o apadriñamento lector entre diversos cursos, etc.

3.9. INTRODUCCIÓN DAS TIC

As TIC están moi presentes na nosa escola e o alumnado parece apropiarse deste instrumento dun xeito moi natural, debido á súa presenza masiva no ámbito público e doméstico. Desde a nosa escola, conforme ás directrices do noso Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación, marcarémonos un dobre obxectivo:

- . Promoveremos un uso responsable das TIC, centrado na busca, selección, procesamento e transmisión da información e o coñecemento dun xeito reflexivo e crítico, utilizando con ese fin os recursos que internet nos ofrece: busca de información, publicación de blogs, etc.

- . Promoveremos a progresiva integración das TIC na aula, como un recurso ao servizo da práctica docente.

As TIC tamén serán un campo útil na transmisión de valores de solidariedade, cooperación e traballo en equipo, mediante a promoción preferente de software libre nos equipamentos do centro, na liña do proxecto Abalar da Consellería de Educación. Para o vindeiro curso académico 2012-2013 participaremos no proxecto Abalar.

3.10. TEMA NÚCLEO

A elección dun tema como núcleo vertebrador da actividade escolar constitúe unha experiencia de coordinación vertical entre todos os ciclos e niveis educativos que responde aos intereses e necesidades existentes na escola. Para a selección deste tema, ademais de acadar o consenso entre o profesorado temos en conta diversos criterios como a proximidade ao entorno da escola, a posibilidade de prestarse a un enfoque plural e interdisciplinar, etc.

4. PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS

4.1. A APRENDIZAXE DAS TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Pretendemos unha boa preparación académica que estimule a adquisición de coñecementos e de estratexias de aprendizaxe. En canto á aprendizaxe da lectoescritura, o obxectivo último é desenvolver tanto a expresión como a comprensión oral e escrita. O camiño a seguir será deseñado dende as etapas iniciais, e dun xeito coordinado e secuenciado nos diferentes ciclos, actividades que fomenten o gusto pola lectura, que ofrezan textos variados, significativos e funcionais. Daremos unha importancia relevante ao tempo de lectura, utilizando diferentes estratexias: lecturas silenciosas e en voz alta dos alumnos, lectura do mestre/a como modelo, lecturas compartidas, etc. Traballar a capacidade de comprensión é outro elemento central, mediante a formulación de preguntas que estimulen a comprensión dos textos, preguntas que busquen inferencias, que estimulen a crítica e a valoración persoal. A lectura e a escrita teñen que ir parellas, a escribir apréndese escribindo, cometendo erros, revisando... Aproveitaranse todas as situacións contextualizadas para elaborar textos variados en situacións reais.

As matemáticas vincularanse a situacións problemáticas da vida real, reflexionando sobre os conceptos clave, facendo uso de razoamentos, proponendo diferentes estratexias, argumentando, utilizando gráficas, manipulando, estimando resultados,... Multitude de actos cotiás precisan poñer en marcha a mente para realizar cálculos rápidos polo que se desenvolverán diferentes estratexias de cálculo mental, de estimación de prezos e medidas (lonxitude, peso, capacidade),... Utilizarase a terminoloxía matemática para que o alumnado se apropie dela e a use de forma natural.

4.2. LIÑA METODOLÓXICA

Se queremos un alumnado que saiba expresarse e comunicarse, que adquira o gusto pola lectura e que lea dun xeito comprensivo, que incorpore hábitos e actitudes favorecedoras do traballo intelectual e da boa convivencia na aula, e que asuma dun xeito crítico e responsable a súa participación na sociedade na que lle toca vivir, deberemos ofrecerlle un modelo coherente no que se impregne, que lle poida servir de “laboratorio de prácticas”, de referencia para ir construíndo a súa personalidade.

En consecuencia, a liña metodolóxica debe fomentar a aprendizaxe significativa e funcional, e conceder o protagonismo aos propios alumnos/as. Empregando unha metodoloxía activa na que se fomente tanto o traballo individual como en grupos cooperativos, as asembleas de aula, os traballos expositivos, na que se atenda á diversidade e promova a reflexión sistemática do proceso de ensino-aprendizaxe.

O traballo a realizar terá como referencia os seguintes principios:

- Aprendizaxes significativas
- Ensino contextualizado
- Interdisciplinario
- Participativo - activo
- Recursos variados e adaptados á diversidade
- Crítico e construtivo
- Socializador
- Xerador dun clima sereno e afectivo
- Favorecedor da autonomía, da creatividade, do gusto por aprender

Estes criterios transferiranse á práctica docente na aula, de xeito que:

- Aproveitaranse situacións motivadoras, significativas, que resolvan problemas reais... para traballar os contidos de xeito interdisciplinar.
- A lingua oral será un importante soporte construtor de todas as actividades. Procurarase que o neno/a verbalice o que pensa, así, a linguaxe será un instrumento de regulación das súas propias accións, un medio para comunicar os coñecementos aos demais, para sacar conclusións, reflexionar, argumentar, pedir axuda...
- A actividade física (manipulación) e mental (descobre, aplica, explica) formarán parte da dinámica habitual para a construción do seu coñecemento.
- Valoraranse os procesos de aprendizaxe, non só os resultados.
- Consideraranse os erros como fontes de información do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilizaranse as novas tecnoloxías, ademais doutros recursos, para a consulta, o estudo e o tratamento da información...
- Respetarase a diversidade, atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe e as diferenzas individuais e socioculturais.

- Ofreceráse axuda axustada propoñendo retos suficientes e non desalentadores, adecuando as tarefas ás características específicas.
- Fomentaranse as relacións interpersoais de respecto, liberdade e responsabilidade.
- Favoreceráse a interacción social e a aprendizaxe compartida.
- Favoreceráse un clima de traballo que potencie a autoestima, a seguridade, a autonomía...
- Promoveráse e estimularáse a capacidade creativa e o espírito crítico
- Estimularáse a curiosidade como fonte de motivación para aprender por si mesmo.

5. RELACIÓNS ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Defendemos un modelo de relacións persoais entre todos os membros da comunidade educativa que se sustenta na participación libre e democrática, no diálogo, no respecto e na colaboración, é dicir, no protagonismo de todos os niveis que compoñen a comunidade educativa: pais/nais, alumnado, profesores/as, a administración, etc. Dentro deste marco xeral destacamos:

5.1. AS RELACIÓNS HUMANAS

O noso Regulamento de Réxime Interno recolle todos os aspectos lexislativos ó respecto.

5.2. AS RELACIÓNS DOS ALUMNOS/AS ENTRE SI

Coñecemos a importancia do valor educativo das relacións entre iguais nos procesos de socialización, pois permiten ir conformando determinadas pautas de comportamento que serán esenciais nas etapas posteriores da súa vida.

A interacción construtiva favorece o incremento das habilidades sociais, posibilita que o neno/a relativice o punto de vista propio, que resulta esencial para o desenvolvemento cognitivo e social, inflúe na mellora do rendemento académico, etc. Por todo isto, temos en conta a necesidade de fomentar unhas relacións fundamentadas no respecto (ás diferenzas, á maneira de pensar, ao aspecto físico...), na sinceridade, na colaboración, no compañeirismo, no espírito de grupo, na solidariedade, na tolerancia e no diálogo.

5.3. AS RELACIÓNS PROFESOR/A-ALUMNO/A

Partindo da consideración de que o alumno/a é autónomo, as relacións con eles basearanse no respecto e no coñecemento mutuo, na colaboración e no diálogo que xere un clima de confianza e afectividade, pilares dunhas relacións cordiais. Neste sentido o profesorado tratará de buscar un equilibrio entre a esixencia de traballar, o respecto e o mantemento dunha actitude de comprensión e flexibilidade que facilite a comunicación e o intercambio. De tódolos xeitos, o Regulamento de Réxime Interno do centro recolle todos os aspectos legais polos que se debe rexer a relación entre os membros da comunidade educativa. É obriga de alumnos e de profesores coñecelos e poñelos en práctica.

5.4. AS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

A familia e a escola son os dous contextos máis relevantes no desenvolvemento do neno/a; de aí a importancia de que se establezan relacións fluídas, cordiais, complementarias e construtivas. Polo que o diálogo, a colaboración, o intercambio de información e a corresponsabilidade na formación do alumnado será a base destas relacións.

Á principio de curso, e sempre que sexa necesario, convocaranse reunións de aula cos pais/nais tanto en Ed. Infantil como en Primaria. Así mesmo, todas as semanas haberá unha hora de titoría destinada a realizar entrevistas individuais, estas pode solicitálas o profesor/a ou os pais/nais.

5.5. AS RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Estableceranse relacións coas administracións locais, entidades culturais, grupos, asociacións, etc., buscando a colaboración e o diálogo que xere un clima de confianza e de cordialidade na procura dun ensino de calidade. Apoiaranse, e ás veces suxeriranse, iniciativas que favorezan un mellor coñecemento da realidade social e que sirvan para establecer unha relación co contorno máis próximo. A publicación de traballos feitos polos rapaces, a organización de visitas de persoeiros ou de artistas ao colexio, o contacto co alumnado de outros centros, as visitas a lugares de interese cultural... deben estar presentes dentro da dinámica do centro.

5.6. AS RELACIÓNS DOS PROFESORES/AS ENTRE SI

Preténdese conseguir un clima de convivencia na cordialidade, tolerancia, respecto e colaboración que favoreza un ambiente distendido que faga agradable a vida dentro do centro. Considerarase fundamental o traballo en equipo e a colaboración e coordinación entre o profesorado dentro dun mesmo ciclo e

mesmo entre ciclos diferentes; débese partir da premisa de que o máis importante é sempre o alumno/a e o seu progreso; ese debe ser o motor do noso traballo. Neste marco a discusión, o debate e a defensa de diferentes puntos de vista considéranse como achegas enriquecedoras na procura dun ensino de calidade.

5.7. O PAPEL DO PROFESORADO TITOR

No ámbito escolar, é fundamental a figura do titor/a que deberá desempeñar diversas funcións:

CO GRUPO DE ALUMNOS/AS

Debe coñecer e estimular, estudando as súas motivacións e o seu rendemento, o seu contexto socio-económico, os seus gustos, etc. El/ela xoga un importante papel na creación dun clima de cooperación, tolerancia e respecto dentro do grupo.

CON CADA ALUMNO/A INDIVIDUALMENTE

Debe coñecer as súas capacidades, os seus intereses e dificultades, o seu nivel de integración no grupo, etc., co fin de apoialo, orientalo, animalo, etc. Será o mediador entre o alumno e os demais membros da comunidade educativa. Procurará atender a todos os ámbitos da persoa que conforma cada alumno e alumna, de forma que axude a desenvolver da maneira máis compensada posible tódolos compoñentes da súa personalidade, minimizando no posible todos aqueles factores que poidan dificultar a súa aprendizaxe e progreso.

COS PAIS/NAIS DOS ALUMNOS/AS

Cos que debe manter unha liña aberta de diálogo e colaboración, informándoos e recabando información deles, asesorándoos sobre a educación dos seus fillos/as, intercambiando opinións, etc. O Departamento de Orientación prestaralle toda a axuda posible na tarefa de orientación académica e na resolución de posibles problemas grupais ou individuais.

COS OUTROS PROFESORES/AS

Debe coordinarse co fin de establecer as estratexias máis axeitadas para a formación dos alumnos/as e para o seu éxito académico. É importante que se produza a maior colaboración posible entre o profesorado de Ed. Infantil e Primaria, entre o do mesmo Ciclo e entre os que rematan Ciclo e os que empezan o seguinte co mesmo grupo de alumnos/as coa finalidade de transmitir información relevante sobre o alumnado.